

## Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade Convocatoria extraordinaria 2022

Código: 03

## HISTORIA DE ESPAÑA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un <u>MÁXIMO DE 2</u>, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, só se corrixirán as 2 primeiras respondidas.

### PREGUNTA 1. RESPONDA OS DOUS APARTADOS SEGUINTES:

- 1.1. Defina brevemente catro dos oito termos: (0,5 puntos por definición)
  - 1. Aula Rexia, 2. Marca Hispánica, 3. Valido, 4. Motín de Esquilache,
  - 5. Tratado de Valençay, 6. Estatuto Real, 7. FAI, 8. Lexión Cóndor.

#### 1.2. Desenvolva un dos catro temas:

- 1.2.1. O Neolítico: características e cambios con respecto á época Paleolítica. (3 puntos)
- 1.2.2. Os pobos prerromanos da Península Ibérica. (3 puntos)
- 1.2.3. A crise do século XVII: aspectos socioeconómicos e políticos. (3 puntos)
- 1.2.4. O cambio dinástico e a guerra de Sucesión. (3 puntos)

### PREGUNTA 2. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre <u>a construción do estado liberal</u>. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás diferenzas ideolóxicas existentes entre as principais correntes liberais e á súa plasmación constitucional.

## Doc. 1. Proxecto de Reforma da Constitución. Diario de sesións do Congreso, lexislatura 1844-45:

"Na Constitución que vai rexer a España están de acordo a Coroa e as Cortes, desexando concorrer a acomodar os antigos foros e liberdades da Nación ao seu estado e necesidades actuais [...]. Desta maneira procúrase en canto cabe a inapreciable vantaxe de dar por base á Constitución a vontade acorde do Monarca e dos elixidos da Nación, evitando esaxeradas por un ou outro extremo, que adoitan principiar por celos e rivalidades, e terminar por escándalos e trastornos".

## Doc. 2. Manifesto da Xunta Central do partido progresista publicado no diario *La Iberia* o 2-10-1858:

"Os principios non variaron nin poder variar xamais. Son os que proclamaron en Cádiz os lexisladores do ano 12, os que se consignaron na Constitución do 37 e prevalecíanos nas Cortes constituíntes reunidas o ano 54. As variantes que ofrecen as referidas Constitucións, débense exclusivamente ás necesidades do momento, pero todas elas teñen a mesma orixe, a soberanía da nación e o mesmo obxecto dar ao pobo español toda a liberdade posible dentro dunha monarquía constitucional. Como a Constitución do 45 nin recolle esa orixe, nin enche cumpridamente ese obxecto, non foi nin pode ser nunca a bandeira do noso partido".

## Doc. 3. : O xornal La soberanía nacional xustifica a escisión do partido progresista, 25-11-1854:

"Para que o nobre partido que tomou un tempo o nome fermoso de liberal non se confunda con esta falanxe de corrompidos que aínda pesa sobre as nosas frontes como unha mancha inmensa, é necesario que tome un nome novo e en consonancia co progreso dos tempos [...]. Ese nome é a democracia.

O ideal liberal, que onte se chamou progreso, desenvolto polos tempos hoxe chámase democracia. E neste sentido a democracia é, non só a verdadeira expresión dos intereses, sentimentos e principios de España libre, non só o único medio de fundar entre nós a liberdade querida, senón que tamén espera o pensamento fundamental do século, e a gran bandeira de rehabilitación das sociedades modernas".

## PREGUNTA 3. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre <u>a crise de 1917</u>. Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debes atender cando menos aos factores políticos e sociais que conduciron á crise de 1917 e ás consecuencias do "desastre de Annual". (5 puntos)

## Doc. 1. Manifesto do 14 de xuño de 1917, dirixido polos parlamentarios rexionalistas ao país.

"Dar ao Estado unha constitución federativa: tal é a gran solución renovadora. Mediante unha organización interna de estrutura federativa, os pobos ibéricos terían o ambiente de fraternidade, de intimidade amorosa que forma as grandes unidades indivisibles [...]. Esta organización federativa é, por outra banda, a que corresponde á estrutura da sociedade política española, dividida en nacionalidades, en pobos de personalidade suficientemente definida".

## Doc. 2. Manifesto declarando a folga xeral, 27 de marzo de 1917:

"Na presente e crítica ocasión, xa viu o pobo o que ficou das promesas de reformas da economía nacional. Continúan as eternas ocultacións de riqueza [...], os beneficiados cos negocios da guerra, nin empregan as súas ganancias no fomento da riqueza nacional, nin se aveñen a entregar parte dos beneficios ao Estado, e o Goberno, débil cos poderosos e altivo cos humildes, lanza a diario contra dos obreiros a Garda Civil [...]. E respondendo a este convencemento, os representantes da Unión Xeral de Traballadores e os da Confederación do Traballo, acordan por unanimidade: Primeiro [...] imponse que o proletariado español empregue a folga xeral, sen prazo definitivo de terminación, como a arma máis poderosa que posúe para reivindicar os seus dereitos".

# Doc. 3. Descrición da retirada do 22 de xullo en Annual segundo o fiscal militar que actuou no expediente Picasso:

"Abandónase a posición con todos os seus elementos, sen ordes, sen instrucións, con présas, sen coñecer nin plan nin dirección, revoltas as forzas, confundidas, sen xefes pode dicirse, acosados polo inimigo, e sen máis idea visible que a da salvación individual, pola fuxida vergoñosa nuns, inexplicable noutros e lamentable en todos, sendo inútiles os esforzos duns cantos para conter esta avalancha, que tan impremeditadamente se deixou desbordar. [...] A columna fuxitiva, deixando como rastros mortos e feridos, material esnaquizado e bestas inútiles —pois as útiles utilizábanas para fuxir—, chegou en multitude a Izumar. Recobradas un pouco as forzas despois de Izumar, volven outra vez ao barranco de baixada a desorganizarse, e xa é inútil o esforzo individual dalgúns xefes e oficiais e clases para conter a desmoralización acosada polo inimigo, máis atento entón a aproveitar o botín deixado en Annual e nas outras posicións".

## PREGUNTA 4. ELABORE UNHA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DOS TEXTOS PROPOSTOS.

Os seguintes textos deben permitirlle facer unha redacción sobre <u>a política económica do franquismo.</u> Tendo en conta os documentos e o seu contexto, debe atender cando menos ás características da etapa autárquica, aos impulsos que favoreceron a liberalización económica e aos efectos do "desarrollismo" (5 puntos):

### Doc. 1. Creación do INI, 25 de setembro de 1941:

"Artigo 1º. Créase o Instituto Nacional de Industria, entidade de Dereito público, que ten por finalidade propulsar e financiar, en servizo da Nación, a creación e xurdimento de novas industrias, en especial das que se propoñan como fin principal a resolución dos problemas impostos polas esixencias da defensa do país, ou que se dirixan ao desenvolvemento da nosa autarquía económica, ofrecendo ao aforro español un investimento seguro e atractivo".

# Doc. 2. Informe da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico sobre España, 1963:

"España ten necesidade dun plan de desenvolvemento coherente e ben coordinado [...]. Os trazos especiais dun plan de desenvolvemento económico e realista e que teña sentido, desde o punto de vista operativo, dadas as actuais condicións españolas, parecen ser: a) definición dunha orientación xeral da política económica; b) establecemento duns obxectivos xerais realistas e consecuentes; c) un programa de facenda pública; e d) a elaboración dun conxunto de medidas integradas, tendentes a influír nas actividades do sector privado, de acordo cunhas liñas consecuentes cos obxectivos xerais do plan".

Doc. 3. A produción de electrodomésticos en España (en miles de unidades)

Anos	Frigoríficos	Lavadoras	Radios	Televisores
1960	28,7	77,3	245,1	39,4
1965	371,8	320,4	446,3	554,7
1970	1.009,3	554,6	432,5	617,9

Fonte: Ramón Tamames, *Estructura económica de España*, Madrid, 1974, vol. II, p. 225.



## Proba de Avaliación do Bacharelato para o Acceso á Universidade Convocatoria extraordinaria 2022

Código: 03

## HISTORIA DE ESPAÑA

El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un <u>MÁXIMO DE 2</u>, combinadas como quiera. Si responde a más preguntas de las permitidas, solo se corregirán las 2 primeras respondidas.

### PREGUNTA 1. RESPONDA A LOS DOS APARTADOS SIGUIENTES:

- 1.1. Defina brevemente cuatro de los ocho términos: (0,5 puntos por definición)
  - 1. Aula Regia, 2. Marca Hispánica, 3. Valido, 4. Motín de Esquilache,
  - 5. Tratado de Valençay, 6. Estatuto Real, 7. FAI, 8. Legión Cóndor.

#### 1.2. Desarrolle uno de los cuatro temas:

- 1.2.1. El Neolítico: características y cambios con respecto a la época Paleolítica. (3 puntos)
- 1.2.2. Los pueblos prerromanos de la Península Ibérica. (3 puntos)
- 1.2.3. La crisis del siglo XVII: aspectos socioeconómicos y políticos (3 puntos)
- 1.2.4. El cambio dinástico y la guerra de Sucesión. (3 puntos)

## PREGUNTA 2. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre <u>la construcción del estado liberal.</u> Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las diferencias ideológicas existentes entre las principales corrientes liberales y su plasmación constitucional (5 puntos).

## Doc. 1. Proyecto de Reforma de la Constitución. *Diario de sesiones del Congreso*, legislatura 1844-45:

"... En la Constitución que va a regir a España están de acuerdo la Corona y las Cortes, deseando concurrir a acomodar los antiguos fueros y libertades de la Nación a su estado y necesidades actuales... De esta manera se procura en cuanto cabe la inapreciable ventaja de dar por base a la Constitución la voluntad acorde del Monarca y de los elegidos de la Nación, evitando exageradas por uno u otro extremo, que suelen principiar por celos y rivalidades, y terminar por escándalos y trastornos".

## Doc. 2. Manifiesto de la Junta Central del partido progresista publicado en el diario *La Iberia* el 2-10-1858:

"Los principios no han variado ni pueden variar jamás. Son los que proclamaron en Cádiz los legisladores del año 12, los que se consignaron en la Constitución del 37 y los prevalecían en las Cortes constituyentes reunidas el año 54. Las variantes que ofrecen las referidas Constituciones, débense exclusivamente a las necesidades del momento, pero todas ellas tienen el mismo origen, la soberanía de la nación y el mismo objeto dar al pueblo español toda la libertad posible dentro de una monarquía constitucional. Como la Constitución del 45 ni recoge ese origen, ni llena cumplidamente ese objeto, no ha sido ni puede ser nunca la bandera de nuestro partido".

## Doc.3. El periódico La soberanía nacional justifica la escisión del partido progresista, 25-XI-1854:

"Para que el noble partido que tomó un tiempo el nombre hermoso de liberal no se confunda con esta falange de corrompidos que todavía pesa sobre nuestras frentes como una mancha inmensa, es necesario que tome un nombre nuevo y en consonancia con el progreso de los tiempos [...] Ese nombre es la democracia.

La ideal liberal, que ayer se llamó progreso, desarrollada por los tiempos hoy se llama democracia. Y en este sentido la democracia es, no sólo la verdadera expresión de los intereses, sentimientos y principios de España libre, no sólo el único medio de fundar entre nosotros la libertad querida, sino que también espera el pensamiento fundamental del siglo, y la gran bandera de rehabilitación de las sociedades modernas".

### PREGUNTA 3. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre la crisis de 1917. Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a los factores políticos y sociales que condujeron a la crisis de 1917 y las consecuencias del "desastre de Annual". (5 puntos)

## Doc. 1. Manifiesto de 14 de junio de 1917, dirigido por los parlamentarios regionalistas al país:

"Dar al Estado una constitución federativa: tal es la gran solución renovadora. Mediante una organización interna de estructura federativa, los pueblos ibéricos tendrían el ambiente de fraternidad, de intimidad amorosa que forma las grandes unidades indivisibles. [...] Esta organización federativa es, por otra parte, la que corresponde a la estructura de la sociedad política española, dividida en nacionalidades, en pueblos de personalidad harto definida".

## Doc. 2. Manifiesto declarando la huelga general, 27 de marzo de 1917:

"En la presente y crítica ocasión, ya vio el pueblo lo que quedó de las promesas de reformas de la economía nacional. Continúan las eternas ocultaciones de riqueza [...], los beneficiados con los negocios de la guerra, ni emplean sus ganancias en el fomento de la riqueza nacional, ni se avienen a entregar parte de los beneficios al Estado, y el Gobierno, débil con los poderosos y altivo con los humildes, lanza a diario contra los obreros a la Guardia Civil [...]. Y respondiendo a este convencimiento, los representantes de la Unión General de Trabajadores y los de la Confederación del Trabajo, acuerdan por unanimidad: Primero [...] se impone que el proletariado español emplee la huelga general, sin plazo definitivo de terminación, como el arma más poderosa que posee para reivindicar sus derechos.

## Doc. 3. Descripción de la retirada de 22 de julio en Annual según el fiscal militar que actuó en el expediente Picasso:

"Se abandona la posición con todos sus elementos, sin órdenes, sin instrucciones, con prisas, sin conocer ni plan ni dirección, revueltas las fuerzas, confundidas, sin jefes puede decirse, acosados por el enemigo, y sin más idea visible que la de la salvación individual, por la huida vergonzosa en unos, inexplicable en otros y lamentable en todos, siendo inútiles los esfuerzos de unos cuantos para contener esta avalancha, que tan impremeditadamente se había dejado desbordar. [...] La columna fugitiva, dejando como rastros muertos y heridos, material destrozado y acémilas inútiles —pues las útiles las utilizaban para huir-, llegó en tropel a Izumar. Recobradas un poco las fuerzas después de Izumar, vuelven otra vez al barranco de bajada a desorganizarse, y ya es inútil el esfuerzo individual de algunos jefes y oficiales y clases para contener la desmoralización acosada por el enemigo, más atento entonces a aprovechar el botín dejado en Annual y en las otras posiciones".

## PREGUNTA 4. ELABORE UNA COMPOSICIÓN HISTÓRICA A PARTIR DE LOS TEXTOS PROPUESTOS.

Los siguientes textos deben permitirle hacer una redacción sobre <u>la política económica del franquismo.</u> Teniendo en cuenta los documentos y su contexto, debe atender cuando menos a las características de la etapa autárquica, los impulsos que favorecieron la liberalización económica y los efectos del "desarrollismo". (5 puntos)

## Doc. 1. Creación del INI, 25 de septiembre de 1941:

"Artículo 1º. Se crea el Instituto Nacional de Industria, entidad de Derecho público, que tiene por finalidad propulsar y financiar, en servicio de la Nación, la creación y surgimiento de nuevas industrias, en especial de las que se propongan como fin principal la resolución de los problemas impuestos por las exigencias de la defensa del país, o que se dirijan al desenvolvimiento de nuestra autarquía económica, ofreciendo al ahorro español una inversión segura y atractiva".

## Doc. 2. Informe de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico sobre España, 1963:

"España tiene necesidad de un plan de desarrollo coherente y bien coordinado [...]. Los rasgos especiales de un plan de desarrollo económico y realista y que tenga sentido, desde el punto de vista operativo, dadas las actuales condiciones españolas, parecen ser: a) definición de una orientación general de la política económica; b) establecimiento de unos objetivos generales realistas y consecuentes; c) un programa de hacienda pública, y d) la elaboración de un conjunto de medidas integradas, tendentes a influir en las actividades del sector privado, de acuerdo con unas líneas consecuentes con los objetivos generales del plan".

Doc. 3. La producción de electrodomésticos en España (en miles de unidades).

Años	Frigoríficos	Lavadoras	Radios	Televisores
1960	28,7	77,3	245,1	39,4
1965	371,8	320,4	446,3	554,7
1970	1.009.3	554.6	432.5	617.9

Fuente: Ramón Tamames, Estructura económica de España, Madrid, 1974, vol. II, p. 225.